

Núm. exped.	Entidade	Concedido	Aplicación
2009/000065-2	Concello de Portomarín	18.574,72	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000065-5	Concello de Vilaboa	26.965,27	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000066-1	Concello de Ferrol	26.900,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000066-2	Concello de Outeiro de Rei	22.994,51	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000066-3	Concello de Sandiás	15.028,51	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000066-5	Concello de Vilagarcía de Arousa	24.342,42	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000067-1	Concello de Ferrol	26.900,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000067-2	Concello de Ribadeo	22.994,51	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000067-3	Concello de San Cristovo de Cea	16.868,16	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000067-5	Concello de Vila de Cruces	26.965,27	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000068-1	Concello de Ferrol	26.900,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000068-5	Concello do Porriño	26.965,27	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000069-1	Concello de Cambre	26.900,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000069-3	Concello de Toén	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000070-3	Concello de Trasmirás	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000071-1	Concello de Pontes de García Rodríguez (As)	22.500,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000072-3	Concello da Veiga	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000073-1	Concello de Ponteceso	26.900,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000074-1	Concello de Carnota	26.900,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000074-3	Concello de Verín	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000075-3	Concello de Viana do Bolo	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000076-1	Concello de Ordes	23.900,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000077-1	Concello de Lousame	26.900,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000077-3	Concello de Vilar de Barrio	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000078-3	Concello de Vilar de Santos	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000079-1	Concello de Aranga	24.700,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000079-3	Concello de Vilardevós	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000080-1	Concello de Brión	24.300,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000080-3	Concello de Vilarinho de Conso	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000081-1	Mancomunidade de Municipios de Ordes	22.600,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000081-3	Concello de Xizxo de Limia	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000082-1	Concello de Santiago	24.900,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000082-3	Concello de Xunqueira de Ambía	15.760,12	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000083-1	Concello de Padrón	15.600,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000084-1	Concello de Val do Dubra	26.900,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000084-3	Deputación Provincial de Ourense	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000085-3	Deputación Provincial de Ourense	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000086-1	Concello de Fisterra	23.800,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000086-3	Deputación Provincial de Ourense	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000087-1	Concello de Frades	25.600,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000087-3	Deputación Provincial de Ourense	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000088-3	Deputación Provincial de Ourense	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000089-1	Concello de Santa Comba	26.900,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000089-3	Deputación Provincial de Ourense	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000090-1	Concello de Boqueixón	21.600,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000090-3	Deputación Provincial de Ourense	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000091-3	Instituto Ourensán Desenv. Económico-Inorde	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000092-3	Instituto Ourensán Desenv. Económico-Inorde	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000093-3	Instituto Ourensán Desenv. Económico-Inorde	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000094-3	Mancomunidade de Municip. da Comarca de Verín	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000095-3	Manc. Vol. de Concellos da Comarca de Ourense	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000096-3	Mancomunidade I.V. de Concellos Ribeiro	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000097-3	Mancomunidade I.V. de Concellos Ribeiro	15.050,78	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000098-3	Mancomunidade Terra de Celanova	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000099-3	Mancomunidade Terra de Celanova	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000100-3	Deputación Provincial de Ourense	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011
2009/000101-3	Deputación Provincial de Ourense	17.115,00	48.04.322A.460.09-200901011

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 15 de marzo de 2010 pola que se convocan para o ano 2010 as axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia.

O Regulamento (CE) 491/2009 do Consello, do 25 de maio, polo que se modifica o Regulamento (CE) 1234/2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas, incorpora, na súa totalidade, o sector vitivinícola ao Regulamento único para as OCM e introduce nel as decisións normativas adoptadas polo Regulamento (CE) 479/2008 do Consello, do 29 de abril, que establecía a organización común do mercado vitivinícola. Este regulamento marcaba, entre outros obxectivos xerais, a mellora do equilibrio do mercado comunitario, introducindo no título II unhas medidas de apoio financeiro ao sector, entre as cales figura o réxime de axudas á reestruturación e reconversión das viñas.

O Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, recolle a nivel nacional as disposicións comunitarias e fixa as normas básicas para a implantación do réxime de reestruturación e reconversión no territorio do Estado.

Pola súa banda, a Orde do 29 de xaneiro de 2009 da Consellería do Medio Rural, modificada pola Orde do 19 de febreiro de 2010, fixa as bases reguladoras das axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A dita orde cumpre os requisitos previstos, para as bases reguladoras da concesión das subvencións, no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, e previstas as bases reguladoras das axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia, con vixencia indefinida, na Orde do 29 de xaneiro de 2009, cómpre realizar a convocatoria correspondente a este ano 2010.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.L3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é establecer a convocatoria para o ano 2010, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia, de acordo coas bases previstas na Orde do 29 de xaneiro de 2009 (DOG nº 24, do 4 de febreiro), coas modificacións introducidas pola Orde do 19 de febreiro de 2010 (DOG nº 38, do 25 de febreiro).

Artigo 2º.-Condicións e finalidade.

1. Para poder acceder a estas axudas deberanse cumprir os requisitos establecidos na Orde do 29 de xaneiro de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia.

2. Estas axudas teñen por finalidade incentivar os plans de reestruturación e reconversión da viña no marco do obxectivo xeral, de aumentar a competitividade dos viticultores por medio dalgunha das accións seguintes:

- a) Reconversión varietal.
- b) Reimplantación de viñas.
- c) Melloras das técnicas de xestión da viña.

Artigo 3º.-Instrución e resolución.

1. Os órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento son, respectivamente, a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria e o conselleiro do Medio Rural.

Artigo 4º.-Presentación das solicitudes de axuda.

1. O prazo de presentación de solicitudes de axuda será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se o mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

2. As solicitudes de axuda presentaranse nos rexistros dos órganos dependentes da Consellería do Medio Rural, ou nos demais lugares e formas previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As solicitudes e documentación serán os fixados con carácter xeral no artigo 10º da Orde do 29 de xaneiro de 2010, salvo a solicitude do plan, que se axustará ao modelo que figura como anexo a esta orde.

Artigo 5º.-Prazos e xustificación.

1. A execución dos plans e de cada unha das medidas contidas neles axustaranse aos prazos máximos indicados no artigo 14º da Orde do 29 de xaneiro de 2009.

2. Consonte o artigo 15º da Orde do 29 de xaneiro de 2009, o prazo máximo para a presentación da documentación acreditativa da realización dos investimentos será de dous meses contados desde a súa certificación en campo pola consellería competente en materia de agricultura. Malia o anterior, a xustificación dos investimentos correspondentes á campaña vitícola 2012/2013 farase, inescusablemente, xunto

coa comunicación do remate dos traballos, e nunca con posterioridade ao 31 de xullo de 2013.

Artigo 6º.-Xustificantes.

Segundo o disposto no artigo 48.1º l) da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, quedan exentos de xustificar o cumprimento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración, ás cales se refire o artigo 4.1º da Orde do 29 de xaneiro de 2009, os beneficiarios das axudas que non superen os 1.500 euros.

Artigo 7º.-Pagamentos anticipados.

No caso de solicitar o pagamento anticipado, rexeirá o que determina o artigo 8.2º da Orde do 29 de xaneiro de 2009, que establece que se poderán conceder anticipos do 50% da axuda aprobada para unha campaña cando se cumpran as seguintes condicións:

a) Se teña comezada a execución da medida para a cal se solicita o anticipo. Para estes efectos, considérase que comezou a execución cando se teña realizado a arrinca da plantación ou se achegue factura de compra da planta xunto co xustificante bancario que acredite o seu pagamento, ou se demostre ou verifique fidedignamente calquera outra operación de carácter irreversible.

b) Se teña constituída unha garantía financeira por un importe igual ao 120% do anticipo da axuda.

Artigo 8º.-Financiamento.

1. As axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia estarán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.713-C 772.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

2. A súa dotación para o exercicio 2010 será de 1.500.000 euros. Para exercicios futuros, tamén con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.713-C 772.1, disporase de 600.000 euros para o exercicio 2011 e 600.000 euros para o exercicio 2012. Estas dotacións poderán verse incrementadas con outros remanentes orzamentarios, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións orzamentarias.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Producción Agropecuaria para ditar as instrucións que considere oportunas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural



DATA DE SOLICITUDE:

ANEXO I: SOLICITUDE PLAN

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA PLANES DE REESTRUTURACIÓN E RECONVERSIÓN DA VIÑA EN GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR446A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

1.- DATOS DO PLAN:

NOME DO PLAN			TIPO DE PLAN			
<input type="text"/>			<input type="checkbox"/> Colectivo <input type="checkbox"/> Individual			
Nº VITICULTORES			OBJECTIVOS (h)			
Totais:	AM:	ATP:	Reconversión varietal:	Reimplantación de viñas:	Mellora das técnicas de xestión:	Superficie total:
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

2.- ESTUDO DE CUSTOS E CALENDARIO DE ACTUACIÓN:

Campaña vitícola	Reestruturación / Reconversión			Compensación por perda de ingresos		Subvención total (€)
	Superficie (ha)	Investimento (€):	Subvención (€)	Superficie (ha)	Importe (€)	
2009/10	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
2010/11	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
2011/12	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
2012/13	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Total	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

3.- DATOS DO REPRESENTANTE DO PLAN:

APELLIDOS E NOME	DNI
<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO	
<input type="text"/>	
TELÉFONOS	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

4.- DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA Á SOLICITUDE:

- Copia do DNI do representante do plan, no caso de non autorizar a consulta no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de Presidencia
 Acordo celebrado entre os viticultores participantes no plan (anexo II)
 Superficie e axuda solicitada por viticultor (anexo III)

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia SI NON

5.- LEXISLACIÓN APLICABLE:

Regulamento (CE) nº 479/2008 do Consello, do 29 de abril, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, se modifican os regulamentos (CE) nº 1493/1999, (CE) nº 1782/2003, (CE) nº 1290/2005 e (CE) nº 3/2008 e se derrogan os regulamentos (CEE) nº 2392/86 e (CE) nº 1493/1999.

Regulamento (CE) nº 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño, polo que se establecen as normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 479/2008 do Consello, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, no relativo aos programas de apoio, o comercio con países terceiros, o potencial de produción e os controis no sector vitivinícola.

Orde do 29 de xaneiro de 2009 pola que se que se establecen as bases reguladoras das axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia e se convocan para o ano 2009.

6.- FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE:

SOLICITO, como representante do plan arriba indicado, as axudas establecidas para a reestruturación e reconversión da viña.

, de de

O REPRESENTANTE DO PLAN